

Saibran prepara a publicación dunha triloxía, cuxo primeiro disco, *Atardecer harmonioso con gotas de primavera*, verá a luz o 5 de decembro

Cibrán García (Boyanka Kostova) lidera un proxecto musical singular no que se acompaña de dous integrantes de Mundo Prestigio tanto na batería coma no baixo analóxicos: Julián Goicoa e Fiz García

Saibran dará a coñecer este venres 14 *Meu*, o segundo avance do primeiro álbum da triloxía; un tema no que contrapón a actitude do rap máis descarado coa fragilidade emocional e a introspección



Fiz García, Cibrán García e Julián Goicoa son Saibran © Divina Traxedia

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2025.- **Saibran**, o novo proxecto musical conformado por **Cibrán García** (Boyanka Kostova) e por **Julián Goicoa e Fiz García** (integrantes de Mundo Prestigio), publicará unha **triloxía** da man de Tremendo Audiovisual. Tres discos diferentes, cada un cun estilo e temática perfectamente identificable e, ademais, asinado por distintos produtores.

A triloxía de Saibran percorre os sons, ritmos e acontecementos que agroman desde as vivencias cotiás até os momentos de introspección. Parte de cuestións liviás e da retranscrición para avanzar, con cada disco, cara a pensamentos máis serios e fondos.

Esta evolución da tríade transita, temporalmente, desde o solpor (primeiro disco) até o amencer (o terceiro): as cavilacións desenvólvense na medida que avanza a xornada de quen sae da súa casa contra última hora da tarde, sen máis pretensión que ver ás amizades pero que, cando regresa, xa alboreceu.

O primeiro, titulado ***Atardecer harmonioso con gotas de primavera***, e que verá a luz antes do Nadal -concretamente o 5 de decembro-, abrangue as horas desde a saída da casa até o inicio da madrugada. Producido por **Mundo Prestigio**, o disco -a nivel estilístico, o que se achega ao rap máis clásico, con 90-100 BPM-, que conta no numerosos instrumentos gravados analóxicamente, aborda cuestións máis cotiás, do día a día.

Atardecer harmonioso con gotas de primavera dará paso ao segundo álbum da tríade. Un traballo máis escuro e cru, menos melódico, producido por **Møu (DKTC, Lumedoloop)**, e que se achega a estilos coma o trap ou electrónica. Un transo que amosa o que pasou ao longo da noite, e deixa entrever o que podería pasar a continuación; e á vez o paso cara a temas máis fondos. Finalmente, o peche da triloxía de Saibran conta con **Juait e crnds** na produción. Este terceiro disco, que recolle a última parte da noite, destaca pola experimentación electrónica.

Meu, novo avance de Atardecer harmonioso con gotas de primavera

Este venres 14 de novembro Saibran lanzará ao mundo ***Meu***, un novo avance do seu primeiro álbum. Se no pasado outubro publicaba *Durmir é para covardes*, unha canción para insomnes creadas co desvaríos que trae o desvelo; desta quenda, con ***Meu***, contrapón a actitude do rap máis descarado coa fragilidade emocional e a introspección. "*Teño cheo o cenicero, cada calada unha neurona menos, cada colilla un problema que enterro, queda gardada dentro do cerebro, teño que facelo si non me quebro e...*" canta Saibran, quen xoga coa dualidade e rima ao compás das cousas propias da vida, sexan de noite ou de día.

"*Doulle caña ao corpo que inda non tou morto*". Cunha base de Møu, ***Meu*** é un tema escuro e sucio. É nocturno e é (en) directo. Achégase ao máis fondo mais, se cabe, tamén abre a porta a un novo inicio.

Pregarda ***Meu***: <https://orcd.co/saibranmeu>

Kit de prensa: https://cutt.ly/Saibran_prensa

Contacto de prensa: Lucía Pita | 675 404 321 lucia@tremendoaudiovisual.com